

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Agosto 2006

COMUNICADO

Aumenta en agosto de 2006 o gasto dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia respecto ao mesmo mes do ano anterior

En agosto de 2006 aumenta nun 11,3%, en taxa interanual, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia.

Segundo datos da “Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros” correspondentes ao mes de agosto de 2006, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos aumentou en termos correntes nun 11,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, acadando un importe de 95.420,4 miles de euros. Pódese destacar que este aumento débese ao aumento tanto do gasto diario medio por persoa, como do número de pernoitas realizadas. Así, en agosto de 2006 se rexistra un aumento interanual do 8,8% no gasto diario medio por persoa, que se situou en 151,2 euros. Ademais, pese ao descenso interanual do 3,4% rexistrado no número de viaxeiros entrados, o número de pernoitas nos establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas de Galicia aumentou en taxa interanual nun 2,3% en agosto de 2006, situándose en 630.958,0.

En agosto de 2006 o gasto total dos viaxeiros de establecementos hoteleiros situados nas provincias de A Coruña e Pontevedra representa o 89,8% do total, aumentando respectivamente nun 23,1% e 2,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior. O gasto total correspondente aos viaxeiros de establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas das provincias de Lugo e Ourense aumentou, en taxa interanual, nun 7,2% e 7,9% respectivamente, representando o 6,3% e 3,9% en cada caso respecto do total de Galicia.

En función da categoría dos establecementos nos que se aloxan os viaxeiros, en agosto de 2006 o gasto total realizado en establecementos hoteleiros de 3 e 4 estrelas aumenta nun 17,2% e 9,0% respectivamente respecto ao mesmo mes do ano anterior, representando en conxunto máis do 90% do gasto total. Pola contra, o gasto total realizado en establecementos hoteleiros de 5 estrelas cae en agosto de 2006 nun 0,4% en taxa interanual.

A taxa de variación do gasto total acumulado no que vai de ano sitúase nun 15,2%.

O crecemento acumulado é do 14,7% en termos da serie corrixida de efecto calendario.

O gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia de 3 e máis estrelas aumenta en agosto de 2006 nun 8,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.

En agosto de 2006 o gasto diario medio por persoa aumentou, en taxa interanual, nun 8,8%, situándose en 151,2 euros.

O crecemento rexistrado no gasto diario medio por persoa segundo a provincia na que se sitúan os establecementos hoteleiros obxecto de estudo foi do 15,3% na provincia de A Coruña e do 14,9% na provincia de Ourense, acadando os 158,0 euros e 130,6 euros respectivamente. No caso das provincias de Lugo e Pontevedra o gasto diario medio por persoa dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas aumentou, en taxa interanual, nun 8,3% e 2,4% respectivamente, situándose nun importe de 122,8 euros e 151,8 euros en cada caso.

Segundo a categoría dos establecementos nos que pernoitan os viaxeiros, en agosto de 2006 o gasto diario medio por persoa realizado en establecementos hoteleiros de 5 estrelas foi de 236,7 euros, cunha variación interanual do 1,8%. O gasto diario medio por persoa aumentou nun 10,6% nos establecementos hoteleiros de 4 estrelas, situándose en 161,1 euros. Nos establecementos hoteleiros de 3 estrelas aumentou nun 9,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, acadando o importe de 131,4 euros.

No que vai de ano o gasto diario medio por persoa é de 134,7 euros, cunha variación de 2,8%.

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Agosto 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	95.420,4	11,3%	15,2%
Gasto diario medio por persoa (euros)	151,2	8,8%	2,8%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total (miles de euros)	95.420,4	11,3%	14,7%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros



Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Agosto 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	95.420,4	11,3%	15,2%
A Coruña	42.445,0	23,1%	23,5%
Lugo	6.020,9	7,2%	24,7%
Ourense	3.698,9	7,9%	6,4%
Pontevedra	43.255,6	2,5%	7,1%
Gasto diario medio	151,2	8,8%	2,8%
A Coruña	158,0	15,6%	..
Lugo	122,8	8,3%	..
Ourense	130,6	14,9%	..
Pontevedra	151,8	2,4%	..


FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Agosto 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	95.420,4	11,3%	15,2%
3 estrelas	40.101,3	17,2%	17,2%
4 estrelas	46.462,0	9,0%	11,1%
5 estrelas	8.857,2	-0,4%	31,0%
Gasto diario medio	151,2	8,8%	2,8%
3 estrelas	131,4	9,8%	..
4 estrelas	161,1	10,6%	..
5 estrelas	236,7	1,8%	..

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>